

## NORMATIVA DE PARTICIPACIÓN DA BAIXADA DE CARRILANAS-FEIRA HISTÓRICA 2018

**DATA:** Sábado 20 de outubro

### **HORARIO:**

Verificacións técnicas e administrativas: Ás 15.00 h na Penouqueira

Proba deportiva: 16:30 – 18:00 h..

### **INSCRICIÓNS:**

- **DATA LÍMITE:** Xoves 18 de outubro
- **REQUISITOS:**
  - Ter máis de 18 anos, ou 16 anos con autorización paterna
  - Seguir as instrucións do Servizo Municipal de Deportes sobre inscricións e documentación a presentar.
  - Ter unha carrilana.
- **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**
  - Ficha de inscrición cuberta.
  - Fotocopia do DNI
  - Autorización paterna en caso de menores de idade
- **ONDE:**
  - Presencialmente no Servizo Municipal de Deportes. Complexo Deportivo Municipal de Arteixo. Avenida Arsenio Iglesias s/n. 15142 Arteixo
  - A través do e-mail: [deportes@arteixo.org](mailto:deportes@arteixo.org)
  - Telf.: 981659171

### **MODALIDADES DA PROBA:**

- Carrilanas tradicionais (de madeira)
- Carrilanas de modelo libre

## **CARREIRA DE CARRILANAS**

### **ACCESIT**

A cada participante, que non reciba ningún premio, outorgaráselle para gastos de carrilana e traslado 50 € (Tanto para as de modelo tradicional como de modelo libre). Aos triciclos corresponderalle un accésit de 25 €

### **PREMIOS SÓ PARA AS CARRILANAS DE MODELO TRADICIONAL**

- Velocidade:
  - 1º 300 €
  - 2º 150 €
  - 3º 90 €
- Tradicional:150 €
- Beleza:150 €

O premio de velocidade será outorgado á carrilana que complete o percorrido no menor tempo posible, sendo a organización a responsable da marcaxe do circuíto e a designación do número de quendas.

Os premios de tradicional e beleza serán outorgados polo xurado que, en votación, decidirán as carrilanas agraciadas co premio. A decisión atenderá a criterios de deseño, materiais a empregar, creatividade, orixinalidade e temática.

Os accésit non serán acumulativos coas carrilanas que leven premios.

#### COMPOSICIÓN DO XURADO

- Concelleira de Deportes
- Coordinador Técnico de Deportes
- Un membro da Peña Autocross Arteixo

#### MODELO TRADICIONAL ( DE MADEIRA )

O chasis, eixes e rodas, serán de madeira. Non se permiten casquillos, rodamentos nin similares entre a roda e o eixo, permitíndose calquera tipo de engraxe. As pezas que sexan móbiles deben de ser de madeira. Deberá xirar madeira contra madeira, as rodas non poden ir provistas con ningún tipo de cámara de aire, aínda que sí poderán recubrirse con gomas cravadas ou pegadas para facer máis segura a baixada. O sistema de freada é libre, por razóns de seguridade recoméndase que se faga o máis sinxelo e seguro posible. É importante que as carrilanas presenten unhas mínimas garantías de seguridade, de non ser así poderán ser excluídas da carreira por parte da organización.

#### Medidas:

- Lonxitude máxima 3,5 metros
- Ancho máximo de 1,75 metros
- Diámetro de roda máximo de 50 centímetros

Calquer reclamación a este respecto deberá ser realizada o día da proba entre as 15.00 h e as 16.00 h na zona de verificacións técnicas, ante os comisarios da proba.

#### Modelo libre:

Nesta categoría tomarán parte todas aquelas carrilanas que estean feitas con calquera tipo de materiais, combinados de calquera xeito.

En calquera das dúas modalidades é obrigatorio o uso do casco, accesorio imprescindible para participar. En ambas modalidades, as carrilanas non deben ter ningún medio de propulsión que non sexa a súa propia inercia, ou a axuda dos pilotos.

#### CARREIRA

Realizaranse dúas quendas de toma de tempos entre os participantes, que saíran nunha orde de saída a criterio da organización, o mellor tempo é o que conta para a clasificación final. ( A organización reservase o dereito de modificar este punto, sempre que o considere oportuno)

As carrilanas poden ser inspeccionadas antes, durante ou despois da proba, a estimación da propia organización. Podéndose desmonta-las rodas para comproba-los eixes ou o material.

Non se permiten comportamentos antideportivos por parte dos participantes, o que será motivo automático de descalificación.

Débense presentar os pilotos inscritos previamente e non outros, debendo estes presentar o DNI no caso de que lles sexa requirido por parte da organización, para comprobar a idade.

Non pode participar ningunha carrilana que non estea previamente inscrita.

A organización resérvase o dereito de modificar este regulamento se o estimase oportuno.

Lembrar que haberá premios á carrilana máis veloz e á máis bonita ou mellor confeccionada, dentro da modalidade de carrilanas de madeira.

Haberá un xurado proposto pola Concellería de Deportes para outorgar os premios a modalidade de tradicional e beleza.

Na categoría de carrilanas de modelo libre, non se outorgarán premios en metálico nin trofeos, so o accésit.